



CIRCULAR INFORMATIVA 17/2018

1. CONVOCATORIA DE XUNTA XERAL (2ª/2018)

De acordo co establecido nos artigos 88 e 91 do Estatuto do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e no artigo 58 do Estatuto xeral da avogacía española, a Xunta de Goberno, na sesión que tivo lugar o 08.11.2018, tomou o acordo de convocar a xunta xeral ordinaria (segunda do ano 2018) para o vindeiro 18 de decembro, ás 20.00 h, conforme a orde do día que se indica a seguir.

Día: 18.12.2018

Hora: 20.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral
2. Exame e votación do orzamento para o exercicio 2019
3. Rogos e preguntas

RECORDATORIO DE PRÓXIMAS XORNADAS

1. “Habilidades da avogacía”

Día: xoves, 15 de novembro

Hora: 17.00 a 19.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago (retransmisión telemática dende o ICA de Cartaxena)

Custo: gratuíto

Inscrición: libre ata completar a capacidade do salón

Programa

17.00 h Presentación da sesión

17.15 h

Como mellorar as habilidades prácticas do avogado en:

- Honorarios:

1. Os honorarios profesionais
2. A liberdade de pacto dos honorarios





CIRCULAR INFORMATIVA 17/2018

3. Os sistemas de minución dos honorarios
4. Exame práctico da folia de encargo
5. A importancia da provisión de fondos

- Xestión do tempo:

1. A xestión do tempo e os seus principios
2. Ferramentas para a xestión do tempo
3. Algunhas medidas para aforrar tempo cos clientes
4. A asignación de asuntos
5. A delegación de asuntos

- Fidelización do cliente:

1. A fidelización do cliente
2. A creación das expectativas do cliente
3. A educación do cliente nos despachos de avogados
4. Ferramentas para fidelizar o cliente

- A preparación do xuízo:

1. Os factores que condicionan a preparación do xuízo
2. Coñecer o xuíz
3. Como habemos de preparar o xuízo oral
4. O expediente e o libro do xuízo
5. Prevencións que adoptar antes do xuízo

Relator: D. Óscar Fernández León, avogado

Moderador: D. Antonio Navarro Selfa, decano do Ilustre Colexio de Avogados de Cartaxena, conselleiro do Consello Xeral da Avogacía Española

18.45 h Fin da sesión

2. "Curso de peritaxe informática e telemática. Análise forense informática"

Día: mércores, 21 de novembro

Hora: 19.30 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Matrícula: gratuíta para colexiados/as ICAS;

50 € para non colexiados/as

Inscripción e prazo: no teléfono 981 581 713, ata o martes 20 ás 14.00 h



CIRCULAR INFORMATIVA 17/2018

Relator: D. Gerardo M. Zas García. Enxeñeiro informático e perito informático forense

Programa:

- Obxectivo e fases da peritaxe informática.
- Como obter a proba dixital.
- Cadea de custodia dunha proba informática.
- Casos prácticos de informes periciais.

3. “A ciberseguridade nos despachos de avogados”

Día: martes, 27 de novembro

Hora: 19.30 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Matrícula: gratuíta para colexiados/as ICAS;
50 € para non colexiados/as

Inscripción: no teléfono 981 581 713, ata o luns 26 ás 14.00 h

Relator: D. Rafael Villaverde Mogo. Experto en ciberseguridade en Infonet e perito xudicial informático

Programa:

- A ciberseguridade para un avogado. Análise actual.
- Ameazas máis comúns para os avogados.
- A seguridade ante os ciberataques.
- Métodos preventivos máis eficaces (antivirus, anti-spyware etc.)